

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Misterios da Armada

Neste lugar da parroquia de Monte, concello de Xove (Lugo), fálase de sucedidos moi estraños. Contan que esvarou unha muller polos penedos e que quedou o seu corpo gravado nas pedras. Fálase dun tesouro, onde chaman Rego Furado, que gardaron uns homes de fortuna. E tamén se di que alí encantou a filla un pai desalmado; menos mal que o mozo da rapaza sabía as palabras máxicas, e foi alí e dixo:

□ ¡María! ¡María! ¡María!

E desencantouna.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 40.